Na nosa adaptación xogamos coa intertextualidade, que é unha recorrencia en Rivas. Tamén son temas recorrentes a suspensión das conciencias, o pracer da aprendizaxe, o libro e a curiosidade por coñecer como xeradores de soños e de vida, a integridade persoal fronte ás circunstancias sociais que nos poñen a proba de diferente xeito pero constantemente ao longo da historia.

Rivas é a primeira fase, as súas palabras, a súa poética, a súa ética. Desde aí xurdironas imaxes, as posibilidades de estrutura, de propostas por parte do director, Gonçalo Guerreiro, mentres que hai outra parte, de concreción nos diálogos, de selección de textos, da que se encargou Fernando Dacosta.

Volvemos ao crebacabezas dramatúrxico: textos que encaixan en imaxes, diálogos que acompañan ou dan sentido a movementos, xogos que parten de palabras, pezas que semellan separadas pero que van nunha mesma dirección, para ordenarse tralo xogo creativo, fundamental en todo proceso escénico.

**Eu quería moito a aquel mestre, confesa Moncho, ao principio, os meus pais non podían crelo. Quero dicir que non podían entender como eu quería ao meu mestre. Cando era un picariño, a escola era unha ameaza terrible. Unha palabra que cimbraba no aire como unha vara de vimbio:**

**“Xa verás cando vaias á escola!”**



DISTRIBUCIÓN:
FINA CALLEJA (M. 629 860 580)
MARÍA CASAR (M. 678 601 550)

Deseño de escenografía: **GONÇALO GUERREIRO**
Deseño de iluminación: **BALTASAR PATIÑO**
Espazo Sonoro: **GONÇALO GUERREIRO**
Cancións: **FERNANDO DACOSTA**
Deseño de vestiario: **TEGRA E LELE (MerchiPilonchi)**
Utillería: **CARLOS DOMÍNGUEZ**
Atrezzo: **SABELA GAGO e FINA CALLEJA**
Maquillaxe e caracterización: **SARABELA TEATRO**
Realización Escenográfica: **Amenosde7metros**
Deseño gráfico: **EXPRESIVA**
Fotografía: **OVIDIO ALDEGUNDE**
Gravación e DVD: **ALBA V. CARPENTIER**
Web: **DISIGNIA EDENIA**
Distribución: **FINA CALLEJA/MARÍA CASAR**
Produción artística e económica: **CARLOS DOMÍNGUEZ DEL RÍO**
Técnicos en escena: **RUBÉN DOBAÑO, J.M. BAYÓN**





SARABELA TEATRO

UNHA HISTORIA DE
MANUEL RIVAS

# A LINGUA DAS BOLBORETAS

DRAMATURXIA E DIRECCIÓN
GONÇALO GUERREIRO

FERNANDO DACOSTA ELENA SEIJO
SABELA GAGO FINA CALLEJA
JOSITO PORTO | CÉSAR GOLDI |
FRAN LAREU

galicia o bo camiño · X 21 · XUNTA DE GALICIA · AGADIC · Concello de OURENSE Cultura

SARABELA TEATRO







A través da entrañable relación que manteñen o mestre, don **GREGORIO**, e o neno, **PARDAL**; vaise descubrindo paulatinamente ante o espectador a beleza daquelas realidades cotiás que pasan inadvertidas (como o mundo dos insectos), facendo participe ao receptor da historia da fascinación infantil do protagonista ante o descoñecido e do sufrimento que provoca.











